



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
www.edu.xunta.es



INSTRUCCIÓN 1/2013, DO 26 DE FEBREIRO, DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES PARA INICIAR O PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DA CALIDADE DE PRODUCCIÓN E ACTIVIDADE CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA DOS INVESTIGADORES CONTRATADOS POLAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (SUG) AO ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS ISIDRO PARGA PONDAL PARA O ANO 2008.

A Orde do 31 de xullo de 2008 (DOG núm. 156, do 13 de agosto), pola que se establecen as bases para a concesión das axudas para a contratación de doutores (adxudicación do ano 2008), regula no seu anexo III art. 4.2, que os beneficiarios destas axudas deberán someterse no 2º ano de prórroga a un proceso de avaliación, para os efectos de obtención do certificado de cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica que impliquen unha traxectoria destacada.

Este proceso realizarase a partir da documentación cuxa achega será requirida aos investigadores contratados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para que presenten e sometan o seu currículo á avaliación por comités avaliadores externos.

De acordo co Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidade investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que estableza o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

En consecuencia, en uso das competencias que teño atribuídas como Secretario Xeral de Universidades, dito a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación dos investigadores e investigadoras contratados/as no Programa Isidro Parga Pondal (nova adxudicación de 2008), establecido no anexo III artigos 4.2, da Orde do 31 de xullo de 2008 (DOG núm.156, do 13 de agosto), que se atopan no quinto ano de permanencia no Programa e que deben someterse ao proceso para acadar a suficiencia investigadora.

2.- A avaliación levarase a cabo (baixo os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade das avaliacións) por expertos externos ao Sistema Universitario de Galicia, coa colaboración da ACSUG, a partir da documentación facilitada polos interesados e de acordo cos criterios e documentación sinalados nos puntos 4 e 5 desta instrución.

3. No proceso, as comisións de avaliación terán como referencia os criterios de avaliación establecidos na Resolución do 20 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se establecen os criterios de avaliación no Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (BOE nº 204, do 26 de agosto), en particular aqueles sinalados no seu anexo I (criterios de avaliación relativos ao conxunto da traxectoria investigadora, sen excluír ningún ano de actividade) e anexo II (referidos aos catro últimos anos de actividade investigadora).

4. Requirit dos investigadores contratados a documentación necesaria para a súa avaliación de calidade e actividade científico-tecnolóxica que impliquen unha traxectoria investigadora destacada, na que se reflectirán os datos necesarios para realizar unha dobre avaliación: por unha banda a avaliación do conxunto da traxectoria científica-tecnolóxica e, por outra, a avaliación da totalidade do tempo de permanencia dentro do Programa, sen ter en conta os méritos adquiridos con anterioridade á incorporación a este. A dita documentación, dirixida ao secretario xeral de Universidades, presentárase no Rexistro Único da Xunta de

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de UniversidadesEdificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
www.edu.xunta.es

Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se no uso deste dereito, a solicitude é remitida por correo, presentárase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación. A documentación terá que remitirse nun prazo máximo de 15 días contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación desta instrución.


5. Toda a documentación presentárase en xeral en soporte CD ou similar, formato pdf (naqueles casos de documentos orixinais que precisen de cotexo achegarase, ademais do pdf, a copia cotexada en papel) e terá que abranger os seguintes aspectos:

- 5.1.- Currículo actualizado nun modelo normalizado (formato pdf), acompañado dos documentos xustificativos (copia cotexada tamén en soporte papel) dos méritos alegados no currículo. As copias das publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos, etc., deberán incluírse no soporte CD ou similar. Inclúranse así mesmo os breves resumos sobre a relevancia das publicacións realizadas requiridos en cada un dos anexos da Resolución do 20 de xullo de 2005. O currículo complementarase cun documento índice detallado de cada un dos méritos alegados e xustificados que permita unha doada identificación de cada un deles.
- 5.2.- Capacidade do/a investigador/a para liderar grupos de investigación, liñas de traballo ou de obter financiamento en convocatorias públicas competitivas das administracións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro, sinalando ademais os resultados do grupo investigador que dirixe.
- 5.3.- Patentes en explotación, destacando especialmente a extensión da protección da patente nacional, europea ou polo Tratado de Cooperación de Patentes (PCT).
- 5.4.- Actividade formativa da persoa avaliada, en especial a relacionada coa formación de doutores e a dirección de teses de doutoramento.
- 5.5.- Documento asinado polo solicitante indicando a área pola que solicita ser avaliado.

6. Acadarase unha avaliación positiva final cando se cumpran os criterios mínimos fixados para cada unha das fases sinaladas nos anexos I e II da Resolución de 20 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se establecen os criterios de avaliación no Programa de Incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora (BOE nº 204, do 26 de agosto). No caso de que a avaliación das dúas fases indicadas sexa positiva, a secretaria xeral de Universidades emitirá a correspondente certificación de cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica destacada.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2013

O secretario xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro